

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE A LEI DE AUGAS**

PLENO 29 NOVIEMBRE 2012. ACTA 19/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., no Rexistro Xeral do Concello, con data 23 de novembro de 2012, e baixo o número 14532, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

É un feito que a Lei de Augas non vai ser derogada, e tampouco as disposicións que a veñen desenvolvendo. Fronte a ese feito, que nós criticamos, posicionámonos en contra e a pesares de considerar que debe ser eliminada, entendemos que cómpre posicionarse respecto do seu desenvolvemento.

Unha lei que di estar impulsada pola necesidade de adaptarse á normativa europea:

*DIRECTIVA 2000/60/CE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 23 de octubre de 2000 e que di entre outras cousas:*

*Considerando lo siguiente:*

*(1) El agua no es un bien comercial como los demás, sino un patrimonio que hay que proteger, defender y tratar como tal.*

*(13) Existen condiciones y necesidades diversas en la Comunidad que requieren soluciones específicas. Esta diversidad debe tenerse en cuenta en la planificación y ejecución de las medidas destinadas a garantizar la protección y el uso sostenible del agua en el marco de la cuenca hidrográfica. Las decisiones deben tomarse al nivel más próximo posible a los lugares donde el agua es usada o se halla degradada. Ha de darse prioridad a las medidas que son responsabilidad de los Estados miembros, elaborando programas de medidas que se ajusten a las condiciones regionales y locales.*

*(38) El uso de instrumentos económicos por los Estados miembros puede resultar adecuado en el marco de un programa de medidas. El principio de recuperación de los costes de los servicios relacionados con el agua, incluidos los costes medioambientales y los relativos a los recursos asociados a los daños o a los efectos adversos sobre el medio acuático, deben tenerse en cuenta, en particular, en virtud del principio de que quien contamina paga.*

Xa no articulado reitera:

*Artículo 9*

*Recuperación de los costes de los servicios relacionados con el agua.*

*1. Los Estados miembros tendrán en cuenta el principio de la recuperación de los costes de los servicios relacionados con el agua, incluidos los costes medioambientales y los relativos a los recursos, a la vista del análisis económico efectuado con arreglo al anexo III, y en particular de conformidad con el principio de que quien contamina paga.*

Na propia Lei de Augas, no seu preámbulo, insiste:

*Todo iso explica un esforzo continuado, e que deberá proseguir, de construción e mantemento de infraestruturas, para o que se requiren os recursos financeiros e económicos suficientes. Diso deriva a necesidade de dispoñer dun marco xurídico que regule un sistema tributario mediante o cal os beneficiarios dos servizos de abastecemento e de depuración cooperen á súa construción e ao seu mantemento.*

No título IV asúmese o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga (artigo 9º da directiva marco) por parte de todas as administracións intervintes no ciclo da auga (artigo 40º). Galiza faino mediante a creación do canon da auga, como tributo propio afectado aos programas de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia en materia do ciclo da auga, como se sinala no artigo 44º da Lei.

O novo réxime económico-financeiro queda informado polos principios de suficiencia financeira, recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, practicabilidade, solidariedade intraterritorial e xustiza tributaria. En relación co contido destes principios débese indicar, en primeiro lugar e verbo do principio de suficiencia financeira, que cómpre buscar a sustentabilidade do sistema, de xeito que teña capacidade real de dar cobertura aos programas de gastos executados pola Comunidade Autónoma de Galicia no que respecta ao ciclo da auga. Inmediatamente relacionado co anterior principio, atópase o de recuperación de custos, cuxos últimos fundamentos se deben buscar, como xa foi adiantado, na Directiva marco da auga. O canon da auga tende ao sostemento de programas de gasto que son ineludibles e que no estado español están asumindo as comunidades autónomas en canto que son da súa competencia. Sen fórmulas realistas que permitan a recuperación dos custos sobre aqueles que se benefician destes programas, as políticas non terán a oportunidade de se despregar en toda a súa potencialidade.

A recuperación dos custes e a sostenibilidade dos programas de gasto son unha constante na xustificación da aplicación do canon da auga. Neste mesmo sentido inciden nos decretos que a desenvolven:

*DECRETO 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia*

*f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.*

Así como no

*DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.*

*A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, asume o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga por parte de todas as administracións intervenientes no ciclo da auga e faino mediante a creación do canon da auga.*

reitérase:

## TÍTULO I

### Canon da auga

## CAPÍTULO I

### Elementos do tributo

#### Artigo 5. Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible do canon da auga o uso ou o consumo real ou potencial da auga de calquera procedencia, con calquera finalidade e mediante calquera aplicación, mesmo non consuntiva, por causa da afección ao medio que a súa utilización poida producir, considerándose incluída dentro desta afección a incorporación de contaminantes nas augas, e sen prexuízo dos supostos de non suxeición e exención previstos no artigo 10.

2. O canon esixirase tanto polo uso ou consumo da auga facilitada por entidades subministradoras coma polo uso ou consumo da auga en réxime de concesión para abastecemento ou procedente de captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluídos os consumos ou usos de augas pluviais e mariñas que efectúen directamente os usuarios.

Pero tamén:

Disposición adicional cuarta. Compensacións ás entidades subministradoras de auga.

1. Augas de Galicia poderá compensar as entidades subministradoras e os xestores do servizo da rede de sumidoiros polos custos materiais derivados do cumprimento das obrigas derivadas da súa intervención na xestión do canon da auga e o coeficiente de vertedura.

Pois ben, respectando ese principio de sustentabilidade e recuperación dos custes de mantemento e inversións necesarias, entendemos que constitúe unha inxustiza manifesta que o canon vaia a parar a unha entidade “Augas de Galicia” que non ten feito nada por prover dese servizo esencial ás zonas rurais. E que foron os veciños, “hombro con hombro” e “pico e pa” os que foron quen de levar a auga ás casas. Fórona buscar, canalizárona e mantivérona durante anos cos seus medios, sen axudas e con un custe que se debe valorar. Custe de gastos en materiais, pero tamén en horas de dedicación e traballo.

Ademais, atopámonos agora nun proceso de regularización desas traídas, grazas as cales moitos veciños poden abrir a billa e ter auga, onde teñen serias dificultades administrativas e supoñen un esforzo engadido para persoas que non contan, en moitos casos, coa formación adecuada para a adecuación dos estatutos ou para responder a outras esixencias da nova situación. Entendemos que bastante fan con aportar ese servizo ás persoas que durante décadas foron esquecidas polas administracións públicas.

Entendemos pois, que se se busca esa sustentabilidade e recuperación de custes, debemos esixir que sexan estas comunidades, obrigadas á recadación do canon da auga, as que reciban a parte correspondente aos custes que asumen.

**Por todo o anteriormente exposto e dado que a propia lexislación o contempla, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:**

**1.- Instar á Xunta de Galiza e á entidade “Augas de Galicia” a que o canon sexa integramente administrado polas propias comunidades de augas de Redondela, en tanto non recuperen os custes dos servizos efectuados ata o momento, previa valoración das súas infraestruturas e traballos de mantemento acreditados.**

Posteriormente, as comunidades de augas serán administradoras directas do 80% dos ingresos por ese concepto, que irán destinados á mellora e mantemento das infraestruturas que xestionan, cos controis que fosen establecidos e mecanismos adecuados para a xustificación do uso de ditos recursos.

**2.- En consonancia co anterior, o Concello de Redondela porá a disposición destas comunidades o persoal técnico necesario para a elaboración deste trámite administrativo e apoiará perante as instancias mencionadas para que cheguen a bo termo.**

**3.- Creación dun Consello Municipal de Augas que inclúa as Comunidades de Augas e representantes dos grupos da Corporación, coa finalidade de atender ás necesidades de ditas comunidades, coordinar as necesidades de servizos coma controis das augas e tramitacións de documentos, xestión conxunta de gastos propios da conservación das infraestruturas, tramitación de axudas, etc. Este órgano terá carácter consultivo previo para calquera decisión respecto da política de augas municipal ou extramunicipal na que participe o Concello.**

**4.- O goberno local nomeará un interlocutor directo coas Comunidades de augas que, entanto non se constitúa este Consello de Augas, sexa a persoa, político/a ou funcionario/a, que responda as inxerencias de ditas Comunidades de augas e lles facilite os trámites e asesoramento que precisen.**

**5.- Solicitar o establecemento dun convenio con Augas de Galicia para axilizar os procedementos administrativos relativos á cidadanía redondelá, así como ás Comunidades de Augas do Concello, segundo establece o artigo 22.6. do Regulamento do canon da auga Anexo ó DECRETO 136/2012, do 31 de maio.**

**6.- Creación dun servizo especial ata finalizar o primeiro semestre de 2013 coa finalidade de facilitar as tramitacións de:**

- Acreditación do número de habitantes por vivenda.**
- Dedución das cotas a familias numerosas.**
- Exención por causas de situación de exclusión social.**

- Facilitación dos trámites das Comunidades de Augas relativos á súa condición de suxeito pasivo.”

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as concelleiros/as, sendo nove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 1 de A.E.R.), dez votos en contra (10 do PP) e dúas abstencións (2 do B.N.G.), rexeitou a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-